

unidade_didáctica_

para_secundaria

Galicia

Conservando a natureza



Obra Social "la Caixa"

XUNTA DE GALICIA

*Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Coa colaboración da Obra Social "La Caixa"*

Coordinación Xeral do Programa

Cristina Brea Portela

Coordinación pedagóxica de materiais e recursos didácticos

Rubén Villasenín Iglesias

Galicia, conservando a natureza
unidade_didáctica_para_secundaria

Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica foi elaborada para achegar a todos os mozos e mozas á biodiversidade galega. É un plan didáctico deseñado para a dinamización da exposición “Galicia, conservando a natureza” da Xunta de Galicia.

Con este traballo preténdese achegar unha ferramenta didáctica útil e sinxela que permita aos nosos estudantes de secundaria realizar unha primeira aproximación á conservación da natureza galega. A finalidade é espertar unha actitude positiva e de valoración dos recursos naturais, de cara a un mellor coñecemento, aprecio e conservación dos mesmos.

OBXECTIVOS

- Achegar aos estudantes galegos de secundaria á conservación da natureza galega.
- Realizar unha aproximación ás principais figuras de protección da biodiversidade.
- Efectuar un achegamento aos espazos naturais protexidos máis importantes de Galicia.
- Promover unha actitude crítica, sensible e responsable en relación coa conservación do medio.

TEMPO

Nesta unidade didáctica preséntase un grupo de actividades lúdicas, construtivas e significativas, para desenvolver antes, durante e despois da visita á exposición. A través delas preténdese que o/a educador/a faga un aproveitamento integral dos coñecementos, actitudes e aptitudes desenvoltas coa visita á exposición. Para facilitar a súa temporalización, cada actividade irá acompañada dos seguintes símbolos:

- Ⓜ Indica que se recomenda realizar antes da visita á exposición.
- ⓔ Indica que se recomenda realizar durante a visita á exposición.
- Ⓛ Indica que se recomenda realizar despois da visita á exposición.

METODOLOXÍA

En cada unha das actividades indícase a metodoloxía a seguir para o seu desenvolvemento. Asemade, achéganse os seguintes símbolos:

- ① Actividade para realizar de xeito individual.
- ② Actividade para realizar en grupo.

RECURSOS MATERIAIS

En cada unha das actividades indícanse os recursos materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das mesmas.




Galicia, conservando a natureza


unidade_didáctica_para_secundaria

1. COMO CONSERVAR A NATUREZA?

- Ⓐ } Velaquí tes unha pregunta, que ideas che suxire?. Ide expoñendo como pensades que se pode conservar a natureza e apuntádeo no encerado.
- Ⓔ 2 }



- Ⓐ } No seguinte cadro aparecen reflectidos unha serie de conceptos que teñen relación coa conservación da natureza, coñeces o seu significado? Todos eles teñen algo en común, cando o saibas, escríbeo no círculo interior.
- Ⓔ 1 }



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

Categorías de protección

 **RESERVA NATURAL.** Ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade.

 **PARQUE NACIONAL e PARQUE NATURAL.** Son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza das súas paisaxes, importancia dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e declárase de interese xeral do Estado, no caso dos parques nacionais.



Parque Nacional das Illas Atlánticas

 **MONUMENTO NATURAL.** Son espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.

 **HUMIDAIS PROTEXIDOS.** Son áreas cubertas de auga, que á vez cumpren unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais.



Lagoa de Valdoviño (humidal protexido)

 **PAISAXE PROTEXIDA.** Son áreas que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, son merecedores dunha protección especial.

 **ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS (ZEPVN).** Espazos nos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica.



ZEPVN Canóns do Sil

 **OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN:** Espazos naturais de interese local, Espazos privados de interese natural...

 **ESPAZOS PROTEXIDOS NATURA 2000:** Lugares de importancia comunitaria (LIC) e Zonas de especial protección para as aves (ZEPA).



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

2. QUE CONSERVAR DA NATUREZA?

A E } Xa sabemos que existen unha serie de figuras de protección para conservar a
I 2 } natureza, pero... tes idea de que é exactamente o que protexen?

A E } Velaquí tes dúas frases aparentemente similares pero que gardan moitas
I 2 } diferenzas. Poderías explicalas?

Hábitat natural de interese comunitario

Hábitat natural prioritario

A E } A continuación expónse un concepto de tres palabras que garda moita
I 2 } relación coas frases anteriores. Primeiro, intenta definilo palabra a palabra, despois, e coa axuda do grupo, intentade buscar o seu significado conxunto.

REDE

NATURA

2000



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

Espazos protexidos Natura 2000

Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a nivel europeo e basea o seu principio de conservación na protección daqueles hábitats de interese para a preservación da biodiversidade da Unión Europea. A súa finalidade é asegurar a supervivencia a longo prazo das especies e os hábitats máis ameazados de Europa, contribuíndo a deter a perda de biodiversidade ocasionada polo impacto adverso das actividades humanas. É o principal instrumento para a conservación da natureza na UE.

En definitiva, **Natura 2000**, protexe espazos naturais como **marismas, lagoas, dunas e cantís** como os da Costa da Morte que albergan a práctica totalidade das colonias de gaivota tridáctila e arao dos cons de España; **bosques de ribeira** dominados por amieiros, freixos e salgueiros onde abundan troitas, salmóns ou a lamprea, que no Miño ten un dos seus últimos redutos ibéricos; **esteiros** que se forman na desembocadura dos grandes ríos cunha gran diversidade vexetal que se converte en hábitat da fauna acuática, **brañas** (terreos moi enchoupados), **gándaras** (brañas secadas) e **encoros**; **bosques** como os do espazo natural Ancares-Courel que protexe os bosques máis extensos de Galicia; ou as **serras** da dorsal galega que conservan especies escasas en Galicia, como a serra do Xistral, con numerosas turbeiras, acolle un gran número de endemismos, ou as serras do Candán, do Careón e do Cando, con grandes extensións de matogueiras.

Para protexer estes espazos naturais prioritarios, **Natura 2000** establece dúas categorías de protección:

 **LUGARES DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC).** Os LIC's protexen ecosistemas co obxecto de contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e a súa fauna e flora.

 **ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN PARA AS AVES (ZEPA).** As ZEPA's protexen as áreas de reprodución, muda e invernada das aves e as zonas de descanso das aves migratorias. A maior parte das ZEPA's galegas atópanse no litoral. As serras acollen as ZEPA's galegas máis extensas.

A principios do ano 2012 Galicia contaba con **58 LIC's** (lugares de importancia comunitaria) e con **16 ZEPA's** (zonas de especial protección para as aves).



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

3. CONSERVACIÓN EN GALICIA

❶❷ Velaquí tes unha secuencia de imaxes, denominacións e características dalgúns espazos naturais protexidos de Galicia. Serías capaz de relacionalas?




PARQUE NACIONAL
ILLAS ATLÁNTICAS

A maior parte da súa superficie protexida corresponde aos seus fondos mariños.



HUMIDAL PROTEXIDO
LAGOA-AREAL DE VALDOVIÑO

Fragas atlánticas en mellor estado de conservación, con árbores centenarias.




ZEPA
OS ANCARES

Constituído por unha lagoa litoral que se comunica co mar a través dun cordón dunar.




MONUMENTO NATURAL
PRAIA DAS CATEDRAIS

Destaca pola serie de cantís, praias e covas creadas pola erosión mariña.



ZEPVN
COMPLEXO ONS - O GROVE

Alberga os bosques máis extensos de Galicia, con carballos centenarios.



PARQUE NATURAL
FRAGAS DO EUME

Abrangue o sistema litoral (humidal protexido) e mais o arquipélago das Ons.



ZEPVN
SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA

Característico é o seu bosque de ribeira e especies como a lamprea, merlo rieiro...



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

Espazos galegos protexidos

 **PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS.** Conxunto das illas das Rías Baixas, nos concellos de Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira. É importante pola flora e fauna dos seus **cantís e fondos mariños** e pola vexetación das súas **dunas**.

 **PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN.** Destaca por posuír a **duna móbil** máis grande do norte peninsular, pola diversidade de **flora** e por ser un importante **lugar de invernada** de aves acuáticas migratorias. Atópase no concello de Ribeira

 **PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME.** No curso baixo do río Eume, nos concellos de Pontedeume, Cabanas, Monfero, A Capela e As Pontes. Acolle as fragas atlánticas **mellor conservadas** da costa europea e unha gran **diversidade** de flora e fauna.

 **PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA.** Situado na serra do Galiñeiro, no concello de Tui. Presenta alturas superiores aos **700 m.**, predominan as **matogueiras** e na parte máis baixa atópanse **mamíferos, réptiles e aves** (raposo, teixugo, salamántiga, azor...).

 **PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS.** Esténdese pola cunca fluvial do río Limia, nos concellos de Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira e Bande. Presenta **bosques diversos** (carballos, castiñeiros, sobreiras...) e alberga gran **diversidade** de flora e fauna.

 **PARQUE NATURAL DOS MONTES DE INVERNADEIRO.** Situado no concello de Vilariño de Conso, caracterízase por ser unha das zonas máis altas de Galicia. Está cuberto de **pasteiros e matogueiras** e conserva o **bosque máis antigo** de Galicia.

 **PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA.** Atópase no concello de Rubiá. As características dos seus solos convérteno nun espazo especial onde viven **especies únicas** no mundo e alberga unha gran diversidade de fauna e flora.

 **MONUMENTOS NATURAIS DE GALICIA.** Espazos protexidos pola súa singularidade, rareza ou beleza. En Galicia temos: a Fraga de Catasós, o **Souto de Rozabales**, o **Souto da Retorta**, a **Costa de Dexo**, a **Carballa da Rocha**, a **Pena Corneira** e a **Praia das Catedrais**.

 **PAISAXES PROTEXIDAS.** Áreas que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, precisan unha especial protección. Son paisaxes protexidas galegas: o **Val do río Navea** e os **Penedos de Pasarela e Traba**.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria


 **COMPLEXO ONS - O GROVE.** Declarado ZEPVN, abrangue o sistema litoral, declarado humidal protexido, constituído pola enseada do Grove, a Lanzada, punta Carreirón e a lagoa de Bodeira; ademais do arquipélago de Ons, que forma parte do PN Illas Atlánticas.

 **HUMIDAL PROTEXIDO “RÍA DE RIBADEO”.** Espazo natural formado polo río Eo, e a ría que se forma na súa desembocadura. Situado entre as provincias de Lugo e o Principado de Asturias, constitúe un magnífico refuxio para numerosas especies de aves. Ademais ten interesantes bosques de ribeira e marismas.

 **HUMIDAL PROTEXIDO “LAGOA DE VALDOVIÑO”.** Espazo constituído por unha lagoa litoral, lugar de descanso e refuxio de aves invernantes, que se comunica co mar a través dunha canle que atravesa o cordón dunar, no cal se atopa unha importante vexetación.

 **HUMIDAL PROTEXIDO “RÍA DE ORTIGUEIRA-LADRIDO”.** Ría na que desembocan os ríos Mera e Ladrado e que comprende extensas chairas intermareais, marismas e un considerable sistema dunar. Acolle gran diversidade de vexetación e no inverno alberga notables poboacións de aves acuáticas.


 As fotos que se visualizan a continuación representan catro hábitats
 destacables de Galicia; colle papel e lapis e intenta identificalos. Despois, entre
 todo o grupo, comentade as súas características principais.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_secundaria

- ⑤
①
②
- Aquí tes un mapa mudo de Galicia. Intenta, con todo o que aprendiches nesta unidade, situar o maior número posible de espazos naturais protexidos (podes axudarte dun mapa de localidades); para diferenciar as figuras de protección usa a lenda. Cales destes espazos protexidos coñeces? Que vistes neles?



PARQUE NACIONAL



MONUMENTO NATURAL



ZEPVN



PARQUE NATURAL



HUMIDAL PROTEXIDO



ZEPA



PAISAXE PROTEXIDA



galiciab